

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 4 de novembro de 2009, aprobou o PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDOY” SITO NA RÚA CARRIL DAS HORTAS

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto:

O obxecto do contrato é a xestión do servizo público de centro de día “Novo Antonio Gandoy” de atención ás persoas maiores sito na rúa Carril das Hortas.

b) Prazo de execución: O prazo de duración deste contrato é de UN ANO contado desde a súa formalización en documento administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prórroga, por períodos máximos de un ano máis previo acordo do órgano de contratación que se adoptará con un mes de antelación á finalización do contrato ata un máximo de CATRO ANOS incluídas as prórrogas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato:

O valor estimado para a primeira anualidade ascende a 386.720,20 euros polo que sumado o IVE do 7% (27.070,41 euros) reuslta un improte total anual de 413.790,61 euros.

O valor estimado do contrato incluídas as prórrogas ascende a 1.546.880,80 euros.

5.- Garantías:

a) Provisional: 11.601,61 euros

b) Definitiva: O 5% do importe de adxudicacion excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-27, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

Estar rexistradas como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 147,42 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 9 de novembro de 2009
O ALCALDE,
P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA
(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia